

A AGUIA REAL NO XURÉS

UN ESFORZO POLA CONSERVACIÓN DAS ESPECIES AMEAZADAS

Alberto Gil, Miguel A. Fernández-Martínez, Ernesto Álvarez,
Manuel Galán, Fernando González, Luis Tapia

A Aguia real (*Aquila chrysaëtos*) é unha das especies máis ameazadas de Galiza. Os datos obtidos no marco da elaboración do documento técnico preliminar do "Plan de Recuperación para a Aguia real en Galicia" reflicten unha situación moi preocupante para a especie. A pesar dunha aparente estabilidade, o número e a área de distribución de parellas reprodutoras reduciuse significativamente nas últimas décadas. A persecución directa e os casos de envelenamento, ademais da degradación do hábitat, a devastadora política forestal, e os cambios nos usos agrogandeiros tradicionais motivaron unha regresión dos seus efectivos históricos, atopándose actualmente a principal área de cría nos límites surorientais de Galiza, e compartindo territorios co Bierzo, a Cabrera, Sanabria e o Montesinho.

O número de parellas reprodutoras en territorio galego entre 2003 e 2008 foi estimado de entre 6 e 10, cun éxito reprodutor moi variábel dependendo do ano. A perda gradual de territorio nas últimas décadas en Galiza, como foi o caso das montañas orientais de Lugo ou suroccidentais da Baixa Limia, xerou un claro risco de extinción a curto e medio prazo. A especie figura no "Catálogo galego de especies ameazadas" baixo a categoría "EN PERIGO DE EXTINCIÓN", o que implica a elaboración do seu correspondente Plan de Recuperación.

PLAN DE RECUPERACIÓN

O documento técnico preliminar do Plan de Recuperación para a Aguia real en Galicia pretende analizar a situación poboacional, modelizar a dispoñibilidade de hábitat potencialmente axeitado para a especie a partir dos datos de distribución histórica e actual en territorio galego, e sinalar as recomendacións de manexo que favorezan a súa conservación e recuperación, como serían a preservación dos lugares de nidificación a salvo de perturbacións antrópicas, a mellora da dispoñibilidade de recursos tróficos, e a eliminación de factores de risco potenciais no futuro. Estas accións están destinadas a protexer, conservar e



A aguia Eufemia volve voar sobre a Serra do Xurés co seu emisor GPS.

recuperar a poboación de aguia real e do seu hábitat, reducir e eliminar as causas que a levaron ao seu declive, de xeito que se asegure a viabilidade dos núcleos de reprodución, manter os hábitats para o desenvolvemento dos seus ciclos vitais e promover a recolonización de áreas antigas de nidificación, xa que, tendo en conta o seu hábitat, a especie atópase por debaixo do seu potencial rango de distribución.

Este plan, destinado á Xunta de Galiza, contempla a necesidade de ter en conta áreas limítrofes onde as aguias desenvolven os seus ciclos vitais coa necesaria coordinación entre administracións de territorios veciños. As medidas de conservación baseadas unicamente na protección dos lugares de nidificación son consideradas inadecuadas para as grandes falconiformes, xa que a maioría dos espazos protexidos son demasiado pequenos para soportar poboacións viábeis.

O obxectivo básico do Plan de Recuperación é o de consolidar os territorios actualmente ocupados e iniciar a colonización progresiva dos territorios abandonados e proporcionar un hábitat axeitado para o desenvolvemento dos ciclos biolóxicos da Aguia real en Galiza. Para acadalo é preciso incrementar o número de exemplares coa finalidade de conseguir un núcleo poboacional estábel e suficiente na súa área de distribución actual galega que

garanta a súa viabilidade demográfica e xenética.

A AGUIA REAL TRANSFRONTEIRIZA

A Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, aprobada en 2008 pola Unesco, abarca unha área de 267.958 ha. O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés (PNBLSX) e o Parque Nacional Peneda-Gerês ocupan unha superficie próxima ás 100.000 ha e contan na actualidade con hábitat potencial para a recuperación da aguia real, pese a que se considera especie extinta como nidificante desde os anos 70 no Parque Natural e, máis recentemente, no Parque Nacional, estando no 2001 ao borde da súa desaparición neste espazo transfronteirizo. A protección da que gozan estes espazos naturais facilitou a corrección da maior parte dos problemas que levaron as aguias a esta situación crítica na área (caza, espolios, veneno, molestias no contorno do niño, apertura de pistas, cortalumes, repoboacións forestais e grandes incendios).

Os recursos técnicos, materiais e humanos dos que dispoñen os Parques, a boa percepción do proxecto por parte da poboación local, así como a implicación dos distintos gobernos da Xunta facilitaron a posta en marcha do "Programa de reforzamento da poboación de Aguia real no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés" por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta, en colaboración con GREFA (Grupo para a Rehabilitación da Fauna Autóctona e o seu Hábitat). O principal obxectivo deste programa é establecer unha poboación mínima viábel na área de reintrodución, capaz de sobrevivir con escasa ou nula intervención humana a longo prazo na área de distribución histórica da especie na Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés. Agárdase ademais que sirva de apoio á recuperación da especie no territorio galego, xunto coas demais medidas contempladas no documento técnico do "Plan de Recuperación da Aguia real en Galicia".

Cadro 1. Poboacións de aguia real nas serras orientais galegas.

Intervalo	Nº Parellas nidificantes	Ámbito xeográfico	Fonte
1970s	4-6	E e SE Lugo	López e Guitián, 1983
1980s	5-6	E e SE Ourense	SGHN, 1995
1988-89	-	E e SE Lugo	Guitián et al., 1991
1990-92	4-7	E e SE Ourense	Romero, 1995
1997-2002	4	N e E Ourense	Xunta, 2001
	5-6	E e SE Ourense	Martínez et al., 2003; Tapia, 2004
2003-2008	6-10	E e SE Ourense, S Lugo	Ecoplanin, 2008; Tapia et al., 2007

No ano 2001 iniciouse unha experiencia piloto para a reintrodución de polos de aguia real no parque transfronterizo Xurés-Gerês. Dita actuación foi precedida por estudos do hábitat potencial e de poboacións realizados polo Departamento de Zooloxía da Facultade de Ciencias Biolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela. Debido á experiencia gañada nestes anos, en 2006 iníciase outra fase do proxecto, o "Programa de Reforzamento da poboación de aguia real no Parque Natural do Xurés", xa que as actuacións que se desenvolveron, indicaban esta posibilidade. O número que se considera óptimo para o asentamento definitivo do programa e, polo tanto, para o sostemento do mesmo é de 4 polos anuais, en dúas plataformas ou niños artificiais. Esta fase do programa está encamiñada a procurar a reprodución da especie na área do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés e mesmo noutras áreas contiguas como é o Parque Nacional de Peneda-Gerês, nuns 4 ou 5 anos. Hai que ter en conta que este tipo de actuacións atrae a outros exemplares doutras

latitudes que poden rematar fixándose na área.


Entre 2008 e 2011, a D.X. de Conservación da Natureza, xunto con GREFA, a colaboración de colectivos locais e a coordinación do equipo redactor do documento técnico preliminar do Plan de recuperación da Aguia real en Galiza (Ecoplanin), procedeuse á liberación polo método do *hacking* (crianza silvestre coa utilización de plataformas de adaptación) de 1, 4, 5 e 4 pitos de aguia real. O programa utiliza exemplares criados en cativeiro nas instalacións de GREFA (tamén exemplares cedidos polas Comunidades Autónomas de Castela-A Mancha e Estremadura).

Actualmente, o programa de cría conta con dúas parellas reprodutoras e estanse a formar outras dúas. Todos os exemplares obtidos da cría terán que pasar un proceso de socialización cos pais, se a cría é natural, ou con exemplares amas, se é nacido por incubación artificial até o momento de ser retirados para a reintrodución. A alimentación manual non pasa nunca dos quince días,

para evitar a impregnación que pode ter consecuencias moi negativas na reintrodución e adaptación. Os exemplares son tratados polo equipo veterinario no hospital de fauna de GREFA antes do seu traslado aos puntos de liberación. Ademais da identificación do sexo e estudo da condición corporal, realízanse análíticas (hematoloxía, bioquímica, microbioloxía) para coñecer o estado sanitario dos exemplares, incluídos os test de *salmonella* e influenza aviar.

A colocación dos polos no niño realízase cando estes teñen entre 50 e 65 días de vida. Na fase de permanencia no niño, os polos deben ser alimentados diariamente por un tubo, sendo de especial importancia nesta tarefa a formación e experiencia do persoal do Parque Natural. Así mesmo, débese facer un seguimento das súas evolucións, especialmente no momento do abandono do niño e permanencia nas proximidades. Para isto, o persoal do Parque Natural debe estar coordinado co persoal técnico de GREFA. Os exemplares son marcados coas correspondentes anelas de PVC e metálicas oficiais.

Considérase necesario un control e seguimento dos individuos o máis exacto posíbel. Actualmente, estase a levar a cabo co sistema Argos-GPS, complementado co radio-seguimento mediante emisores VHF. Os datos obtidos polo sistema Argos son avaliados diariamente desde o centro de GREFA e o seguimento no terreo e con VHF realízase polos vixiantes de recursos naturais do PNLSX e biólogos de campo de GREFA en colaboración con Ecoplanin. A información obtida coas técnicas de radio-seguimento permite coñecer ben aos exemplares e as súas necesidades, a súa presenza nunha zona, a súa permanencia temporal e a localización exacta coa



Aguia real liberada no Xurés en 2010. Pódese apreciar a antena do emisor.



Descenso para a preparación e colocación das aguias no niño artificial.



Aguiote no niño artificial co seu almoço, un coello.

maior frecuencia posíbel. Dá información sobre mortalidade e áreas de uso e dispersión, resposta ás medidas de conservación postas en práctica, como a alimentación suplementaria e a mellora de hábitat, e permite optimizar estas medidas. Pero sobre todo, permite saber a frecuencia de retorno dos exemplares ao territorio no que foron liberados e avaliar as relacións que se establecen entre os individuos do programa e con outros presentes na Serra.

RESULTADOS

Os resultados obtidos até o momento, con taxas de retorno e de supervivencia similar as naturais ou doutros proxectos (Escocia, Irlanda), xunto coa aplicación de medidas de mellora de hábitat, fomento de especies presa e a corrección de impactos, permiten ser optimistas de cara ao éxito do programa. Ademais, o seguimento permitiu a detección de individuos silvestres e a constatación da formación dunha parella de individuos pertencentes ao programa no último territorio de cría, no Parque Nacional Peneda- Gerês.

O éxito do asentamento de individuos do programa na área do niño artificial, xunto coa presenza doutros predadores silvestres, fixo fracasar a aclimatación de dous xuvenís no ano 2011. Este inesperado suceso fixo redefinir os protocolos de actuación e a adaptación do programa á presenza de aguias reais territoriais. Finalmente, o seguimento

permitiu a confirmación do intento de nidificación da especie neste espazo natural transfronteirizo, no que se consideraba extinta como reprodutora.

O programa de reforzamento da poboación da aguiá real vai acompañar de medidas que, ademais de involucrar á poboación local (escolares, tecores, comunidades de montes, o sector turismo, etc.), implica medidas correctoras de impacto sobre o territorio. Un exemplo disto foi a modificación do trazado de tendidos eléctricos (que provocou a mortalidade de dous individuos do proxecto en 2009) en colaboración con Gas Natural - Unión FENOSA, ou as melloras do hábitat destinadas á dispoñibilidade de especies presa e do seguimento e a aplicación de protocolos na loita contra o uso de venenos.

A medio prazo, é importante que o proxecto se complemente con medidas de manexo do hábitat, puntos de alimentación e bebedeiros, rozas, plantacións de cereais e outras actividades que melloren e potencien as poboacións de especies presa (coello, lebre ou perdiz) en colaboración coas comunidades de montes e sociedades de caza. Estanse a crear recintos para coellos de monte, de cara a procurar o aumento cuantitativo e cualitativo das súas poboacións, o que pode ser unha solución axeitada. Os puntos de alimentación suplementaria poden ser moi útiles mentres as aguias recentemente liberadas se adaptan á

Cadro 2. Principais problemas de conservación e ameazas para a aguiá real en Galiza.

Mortalidade non natural

- Incidencia de caza ilegal
- Espolio
- Uso ilegal de venenos

Infraestruturas potencialmente perigosas

- Postes eléctricos con apoios susceptibles de provocar electrocucións
- Parques eólicos

Perturbacións humanas en puntos críticos para a reprodución

- Escalada
- Miradoiros, merendeiros, sendeiros e prácticas de lecer e aventura
- Caza, fotografía, observación de aves

Dispoñibilidade de especies-presa

Dispoñibilidade de lugares de nidificación

Degradación de hábitats (cambios de usos no solo)

- Prácticas agrogandeiras
- Actividade forestal
- Actividades industriais e infraestruturas

Tamaño poboacional baixo

área de solta, sendo ademais un referente para acrecentar o retorno filopátrico dos exemplares liberados ao P.N. do Xurés. A creación dun muladar ou punto de alimentación con presas mortas foi outra forma de manter conectadas as aguias reais co contorno dos niños de crianza campestre.

AGRADECIMENTOS

Este proxecto non sería posíbel sen a actuación do persoal e voluntariado de GREFA, os veciños do Xurés, o persoal da D.X. de Conservación da Natureza, os vixiantes dos recursos naturais do PNBSX, grupos conservacionistas e investigadores. Ademais das referencias bibliográficas xerais sobre a especie e as referidas á poboación do Cadro 1, o coñecemento sobre a especie non tería avanzado sen a colaboración de persoas como Javier Pérez Gil, Fernando Martínez Freiria, Mar Gallego, Filipe Pires, Xabier Vázquez Pumariño, Juan C. Epifanio, Javier González, Pablo Sierra e José M. Martínez. Parte do financiamento do proxecto correspondeu a fondos FEDER.

* Alberto Gil*, Miguel A. Fernández-Martínez*, Ernesto Álvarez**, Manuel Galán**, Fernando González**, Luis Tapia*** (*Ecoplanin, ** GREFA, *** Dpto. de Zooloxía e Antropoloxía Física, Facultade de Bioloxía, USC).
+ info: telf. 91 638 75 50, grefa@grefa.org.